



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade do treito comprendido entre os puntos quilométricos 5+000 e 5+050 da estrada 6101 (Bidueiro- Amedo) da Deputación Provincial de Pontevedra, a prol do Concello de Dozón
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dos seguintes treitos: treito da estrada provincial que ten o seu inicio no cruzamento sito no punto quilométrico 12+310 da estrada de titularidade autonómica PO-226 (Cuntis-Porrás) e o seu final no cruzamento coa N-550, no Carballal e treito da estrada provincial EP 0506, preto do enlace coa N-550 (Casa Florita), da Deputación Provincial de Pontevedra, a prol do Concello de Barro

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se dispón a substitución de dous membros do Consello Escolar de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público de diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2009
- Decreto polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o Complexo Hospitalario de Montecelo- Pontevedra
- Decreto polo que se dispón a urxente ocupación dos ben e dereitos afectados polo proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o novo hospital de Vigo (Pontevedra)



ACORDOS

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR

- Acordo polo que se autoriza establecer un anticipo superior ao 10 por cento da subvención, no momento da concesión, na orde pola que se convocan axudas para o mantemento das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Acordo polo que se autoriza unha modificación por importe de cen millóns de euros (100.000.000,00 euros) no orzamento de capital do Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) coa finalidade de dispoñer dos recursos necesarios para concertar operacións de endebedamento a longo prazo destinadas á concertación de préstamos para o financiamento de circulante de empresas de domiciliadas en Galicia

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Culleredo, para realizar a construción do centro cultural nas antigas naves de fábrica en Culleredo

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural a establecer na Orde pola que se establecen as bases reguladoras da subvencións e organizacións profesionais agrarias para actividades de interese agrario e se procede á súa convocatoria para o ano 2009, anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións no momento da súa concesión

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o novo hospital de Vigo (Pontevedra)



CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración en materia de divulgación pesqueira entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, e o Concello do Grove, para a realización das obras de ampliación do Centro de Interpretación da Pesca e a Salga de Punta Moreiras

CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Traballo para establecer anticipos superiores ao 10 por cento do importe das subvencións, no momento da concesión, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras para e se procedese á súa convocatoria para o ano 2009, de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras ocupadas

CONSELLERÍA DE VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Meaño, para o acondicionamento da praza do Campo da Feira en Meaño

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da posta en marcha dun programa de reavais do Igape ante as sociedades de garantía recíproca para o fomento do financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta do grao de desenvolvemento do Plan Director de Infraestruturas Sanitarias para Galicia 2008-2013.



A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA DE TREITOS DE VARIAS ESTRADAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL AOS CONCELLOS DE BARRO E DOZÓN

O Consello da Xunta aprobou hoxe dous decretos sobre o cambio de titularidade a favor dos concellos pontevedreses de Barro e de Dozón, de determinados tramos de estradas que pertencían á rede provincial da Deputación de Pontevedra.

A Lei de estradas de Galicia establece que poderán ser obxecto de cambios de titularidade a favor dos concellos aquelas estradas provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas, e que a proposta deberá ser aprobada polo Consello da Xunta logo do acordo entre as administracións afectadas.

Concello de Barro

Con base nesta normativa, apróbase agora o cambio de titularidade, a favor do Concello do Barro, de tres treitos doutras estradas provinciais que, segundo o informe favorable da Dirección Xeral de Obras Públicas da Consellería de Política Territorial, estírmase que reúnen as condicións exixidas para ser obxecto de transferencia, xa que posúen características netamente urbanas. Trátase dun treito da estrada provincial que vai desde o cruzamento coa PO-226 (Cuntis- Porráns) ata o cruzamento coa N-550; outro treito da provincial EP-9407 preto do enlace coa N-550 na zona do Carballal, e outro da EP-0506 tamén preto do enlace coa N-550 á altura de Casa Florita.

Concello de Dozón

En Dozón, autorízase a transferencia a favor do concello dun treito de 50 metros da estrada provincial Bidueiro- Amedo (CP-6101) ata o de agora pertencente á Deputación de Pontevedra. Ao igual que en Barro, a Dirección Xeral de Obras Públicas emitiu informe favorable do cambio de titularidade xa que se trata dunha zona que adquiriu carácter urbano.

En ambos os casos a entrega formal dos mencionados treitos efectuarase no prazo de dous meses seguintes á publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, dos decretos aprobados hoxe. A partir de aí serán os concellos –como novos titulares– os encargados da xestión, mantemento, conservación e explotación das vías obxecto de transferencia.



O GOBERNO GALEGO APROBA A SUBSTITUCIÓN DE DOUS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA

- *Manuel Nicolás Vázquez, de ANPE-Galicia, será substituído por Manuel Astariz; e Obdulía Manso, da Federación de Traballadores do Ensino FETE-UGT, por Gerardo Moreno Díaz*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se dispón a substitución de dous membros do Consello Escolar de Galicia. Así, cesan como membros deste órgano Manuel Nicolás Vázquez Varela, de ANPE- Galicia Sindicato Independente, en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino público non universitario de Galicia; e Obdulía Manso Cupeiro, da Federación de Traballadores do Ensino FETE-UGT, en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino privado non universitario de Galicia.

Do mesmo xeito, noméase, en substitución destes dous membros, a Manuel Astariz Castro, de ANPE- Galicia, en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino público non universitario; e a Gerardo Moreno Díaz, da Federación de Traballadores do Ensino FETE-UGT, en representación dos profesores nos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino privado non universitario de Galicia.

O mandado dos novos membros será polo tempo que resta para completar o período da representatividade que desempeñan.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PARA 2009, QUE INCLÚE 2.911 PRAZAS

- *A oferta de emprego afecta a diversas categorías de persoal estatutario diplomado sanitario, persoal técnico sanitario e persoal de xestión e servizos*
- *Reservará un sete por cento das prazas para persoas con discapacidade*
- *Esta oferta de emprego é complementaria á aprobada polo Consello da Xunta o pasado decembro, na que se someteron a oferta de emprego 1.002 prazas de persoal facultativo*
- *Nesta lexislatura sometéronse a oferta pública de emprego 6.997 prazas de persoal estatutario para prestar servizo nos hospitais e centros de saúde do Servizo Galego de Saúde*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a oferta de emprego público de diversas categorías de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde para o ano 2009 que inclúe un total de 2.911 prazas. Esta nova convocatoria súmase á de 1.002 prazas para persoal facultativo realizada en decembro de 2008. Nesta lexislatura sometéronse a oferta pública de emprego un total de 6.997 prazas de persoal estatutario nos hospitais e centros de saúde do Servizo Galego de Saúde.

A oferta de emprego público, presentada pola Consellería de Sanidade, inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación orzamentaria que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes. Comprende 36 categorías de persoal estatutario diplomado sanitario, persoal técnico sanitario técnico e persoal de xestión e servizos.

Na oferta aprobada hoxe cabe salientar, polo volume de prazas que se ofertan, as correspondentes a persoal de enfermaría, con 1.099 prazas; a de persoal auxiliar de enfermaría con 535 prazas convocadas; a categoría de persoal de servizos xerais, con 299 prazas, e a categoría de celador, en que se ofertan 242 prazas.

De conformidade co previsto na normativa vixente en materia de selección de persoal estatutario, o sistema de selección en todas as categorías que se convoquen será o de concurso oposición. Reservarase un cincuenta por cento do total das prazas convocadas en cada categoría para a súa provisión polo sistema de promoción interna, aínda que as prazas que non queden cubertas por ese sistema acumularanse ao sistema de acceso libre.

A oferta de emprego público deste ano prevé unha cota de acceso para discapacitados do sete por cento, de tal xeito que se reservará esa porcentaxe das prazas para persoas con discapacidade.



As prazas ofertadas, por categorías, son as seguintes:

CATEGORÍA	PRAZAS
ALBANEL	3
ATS/ DUE	1.099
ENFERMEIRO/A SAÚDE MENTAL	9
AUXILIAR ENFERMARÍA	535
CALEFACTOR/A	9
CARPINTEIRO/A	6
CELADOR/A	242
COCIÑEIRO/A	9
COSTUREIRO/A	10
ELECTRICISTA	17
ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A	7
FISIOTERAPEUTA	54
FONTANEIRO/A	10
GRUPO AUXILIAR DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	117
GRUPO ADMINISTRATIVO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	7
GRUPO TÉCNICO DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	10
GRUPO XESTIÓN DA FUNCIÓN ADMINISTRATIVA	26
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN HIXIENE BUCODENTAL	37
LAVANDEIRO/A	10
LOGOPEDA	2
MATRÓN/A	40
MECÁNICO/A	14
PERRUQUEIRO/A	3
PERSOAL SERVIZOS XERAIS	299
PINCHE	101
PASADOR/A DE FERRO	14
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN ANATOMÍA PATOLÓXICA E	10
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN LABORATORIO DE DIAGNOSTICO	57
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN IMAXE PARA O DIAGNOSTICO	84
TÉCNICO/A ESPECIALISTA EN RADIOTERAPIA	8
TÉCNICO ESPECIALISTA EN SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	9
TÉCNICO XESTIÓN EN SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	9
TÉCNICO SUPERIOR EN SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN	1
TELEFONISTA	5
TERAPEUTA OCUPACIONAL	8
TRABALLADOR/A SOCIAL	30
TOTAL	2.911



Esta oferta de emprego completa a oferta aprobada polo Consello da Xunta o pasado mes de agosto, pola que se habilitou a convocatoria de 1.002 prazas de 47 categorías de persoal facultativo das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde. As convocatorias correspondentes a esta oferta de emprego xa se publicaron no *Diario Oficial de Galicia* e máis de 4.100 profesionais facultativos solicitaron participar neste proceso de selección.

Coa oferta de emprego aprobada hoxe polo Consello da Xunta cúmprese o compromiso de convocatoria bianual de ofertas de emprego no eido da sanidade pública galega, co obxectivo de acadar a plena estabilidade no emprego dos empregados públicos da saúde. Nesta lexislatura sometéronse a oferta pública de emprego 6.997 prazas estables de persoal estatutario para prestar servizo nos nosos hospitais e centros de saúde.



A XUNTA APROBA O DECRETO POLO QUE SE DISPÓN A URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLO PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL PARA O HOSPITAL ÚNICO DE PONTEVEDRA

- *O Plan director do hospital único de Pontevedra busca unha renovación total dos recursos, cunha ampliación das instalacións, introdución de innovacións tecnolóxicas e mellora dos accesos*
- *O hospital único duplica a superficie actual e aumenta en 217 as camas, 107 de hospitalización convencional e 110 de hospitalización de día, ata chegar a un total de 847*

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal para o novo edificio do hospital único de Pontevedra. Cúmprese así o calendario previsto pola Xunta de Galicia e o compromiso público do seu presidente de concluír a execución da obra no ano 2013.

O Servizo Galego de Saúde está a executar as obras do Plan director do hospital único de Pontevedra, proxecto de gran envergadura, que busca unha renovación total dos recursos, cunha ampliación das instalacións, introdución de innovacións tecnolóxicas e mellora dos accesos, co obxecto de garantir unha asistencia sanitaria máis eficaz e próxima á poboación afectada.

Este plan recolle varias fases, e unha vez executadas polo Servizo Galego de Saúde a I, II e III, cómpre abordar as obras previstas na fase IV, que leven á materialización do hospital único de Pontevedra, obras que consistirán nunha reforma parcial do edificio existente e a ampliación dun novo edificio integrado no actual hospital.

Paraq tal efecto, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 24 de maio de 2007, adoptou o Acordo de declarar a incidencia supramunicipal do Proxecto sectorial para o Complexo Hospitalario de Montecelo. Proxecto sectorial que aprobou definitivamente o Consello da Xunta de Galicia mediante Acordo do 11 de decembro de 2008, declarando, así mesmo, a utilidade pública para os efectos da expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para a execución do proxecto sectorial.

A tramitación dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal nace da necesidade de acometer as obras previstas que non están recollidas no planeamento urbanístico do Concello de Pontevedra, e que é imprescindible levar a cabo mediante un estudo integral da actuación prevista desde o punto de vista da ordenación territorial que excede do eido puramente urbanístico, xustificándose pola importancia e especiais



características da prestación asistencial no eido da atención especializada, que transcende do ámbito municipal no que se localiza.

Por conseguinte, aconséllase unha actuación urxente coa finalidade fundamental de permitir a posta en funcionamento, no prazo máis axiña posible, do que hoxe se chama hospital único de Pontevedra, para prestar unha atención sanitaria da maior calidade posible, pola súa incidencia favorable na prestación dunha actividade asistencial máis eficaz e próxima á poboación. Por iso, e como reafirmación do compromiso do Goberno galego de manter os prazos de execución dese novo hospital -ano 2013- a Xunta de Galicia acordou hoxe a urxente ocupación de terreos.

O hospital único de Pontevedra duplica a superficie actual e aumenta en 217 as camas, 107 de hospitalización convencional e 110 de hospitalización de día, ata chegar a un total de 847.

Do mesmo xeito, o proxecto definido pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde amplía a área de urxencias e os servizos de área ambulatoria, ao tempo que se introducen novos servizos, como a cirurxía maxilofacial, a pediátrica ou a nova medicina nuclear, ademais de se incrementar o número de quirófanos en 17 e de se crear sete unidades de parto natural. Este proxecto do hospital responde a unha concepción integral que permite superar tamén as deficiencias de accesibilidade e as limitacións actuais pasando ademais dun aparcadoiro con 120 prazas a un de 1.640.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA O PROXECTO SECTORIAL DE INCIDENCIA SUPRAMUNICIPAL E O DECRETO DE URXENTE OCUPACIÓN DOS TERREOS DO NOVO HOSPITAL DE VIGO

- *Cúmprese así o calendario previsto e comprometido polo Goberno galego, que permitirá licitar a obra neste mesmo ano*
- *Con este trámite, avánzase na construción deste novo centro hospitalario para Vigo, que deberá estar concluído no ano 2012*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o Proxecto Sectorial de Incidencia Supramunicipal para o novo Hospital de Vigo, así como o decreto que dispón da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo devandito proxecto (os terreos), para os efectos de expropiación dunha superficie de aproximadamente 250.000 metros cadrados nas parroquias viguesas de Valadares e Beade, tal e como anunciara o pasado martes en Vigo o presidente da Xunta Emilio Pérez Touriño.

Con ambos os dous acordos adoptados hoxe,ponse fin a un procedemento administrativo que permite iniciar agora as expropiacións e licitar as obras este mesmo ano, cumpríndose así o cronograma comprometido pola Xunta de Galicia, e o novo centro hospitalario deberá estar concluído no ano 2012.

Procedemento de expropiación urxente

A urxente ocupación xustifícase “pola necesidade de dotar a área dos recursos necesarios para prestar unha atención sanitaria de calidade”, e unha actividade asistencial máis eficaz, de acordo cos principios do Sistema Público de Saúde de Galicia, entre outros, o de adecuación das prestacións sanitarias ás necesidades de saúde da poboación; e a calidade da atención clínica e da organización dos servizos, nunha atención personalizada e humanizada.

Así, tanto a necesidade de incrementar a carteira de servizos da área como o incremento constante na demanda de atención sanitaria dunha poboación en crecemento demográfico constante, aconsellan a posta en funcionamento, no prazo máis axiña posible, do novo Hospital de Vigo.

Por isto –sinala o documento- cómpre acudir ao procedemento de expropiación urxente; os bens e dereitos en que se concreta a declaración de urxente ocupación aparecen recollidos no proxecto sectorial de incidencia supramunicipal.

Acurtamento dos prazos

O proxecto sectorial de incidencia supramunicipal permite acurtar considerablemente os prazos para poder dotar o antes posible a poboación viguesa deste novo hospital.



A aprobación desta figura xurídica extraordinaria foi moi complexa e requiriu da intervención e actuacións de distintos departamentos da Xunta de Galicia, das consellerías de Sanidade, Política Territorial e Medio Ambiente.

Trátase dun proceso de ordenación territorial imprescindible para poder construír unha estrutura destas características, e responde ao compromiso do Goberno Galego.

A causa principal para a súa cualificación de carácter supramunicipal é que o novo centro hospitalario de Vigo deberá absorber o aumento previsible de poboación de toda a área de saúde de Vigo, e, ao mesmo tempo, concentrar todos os servizos e unidades de referencia para atender a poboación da rexión sur de Galicia. Este novo centro está tipificado como un hospital de referencia rexional de alta especialización, e parte dun sistema multihospitalario do que será cabeza rectora.

A isto engádesse tamén que o Servizo Galego de Saúde prevé un aumento estimado de poboación da área para os vindeiros dez anos do 6,5 por cento, e dun 30 por cento dos procesos cirúrxicos; e, igualmente, que este novo centro hospitalario vigués asumirá un notable incremento nos actuais procesos de hospitalización. Neste sentido, o novo hospital responde a un estudo integral das necesidades asistenciais, dos recursos existentes, e das melloras que é preciso introducir co fin de mellorar a cobertura asistencial da poboación de referencia.

Os proxectos sectoriais de incidencia municipal teñen por obxecto regular a implantación de determinadas actuacións de indubidable incidencia territorial en materia de infraestruturas, dotacións, e outras instalacións, tanto da iniciativa pública como privada, que se asentán sobre varios termos municipais ou daquelas nas que transcende o estrito ámbito local pola súa magnitude, importancia ou especiais características, como sucede neste caso.

O novo hospital de Vigo responde a estas características posto que é unha alternativa á situación sanitaria da zona sur da provincia de Pontevedra que require unha perspectiva de planificación integral dos recursos hospitalarios da zona e dos concellos aos que, en último termo, vai beneficiar.

Un gran hospital para Vigo

O novo hospital de Vigo, situado nunha parcela de 250.000 metros cadrados nas parroquias viguesas de Beade e Valadares, sumará 170.000 metros cadrados construídos e contará con máis de 1.529 camas distribuídas en tres áreas: médico-cirúrxica, materno-infantil e ambulatoria, así como catro bloques: cirúrxico, de hemodiálise, de urxencias xerais e de urxencias materno-infantís.



Será un hospital orientado cara aos usuarios, accesible, amigable e comfortable para usuarios e profesionais, orientado cara á calidade total e a excelencia en todos os seus servizos; viable funcional e tecnicamente; de alta especialización, con especialidades de referencia, e dotación de unidades especiais.



O GOBERNO GALEGO PON EN MARCHA AS AXUDAS PARA O MANTENIMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3

- *O Consello da Xunta aproba á convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades privadas de iniciativa social cun importe global de 3.242.023 euros*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, deulle o seu visto e prace á convocatoria por parte da Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, das subvencións para o mantemento no ano 2009 das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social. O importe global destinado a estas axudas ascende a 3.242.023 euros.

Esta liña de axudas vai dirixida ao financiamento dos gastos derivados do funcionamento dos centros, no relativo aos gastos de persoal, alimentación e outros gastos xerais do mantemento das escolas infantís.

Contía das axudas

A contía anual das axudas estará en función do número de unidades da escola infantil e da prestación do servizo de comedor. Deste xeito, as escolas infantís con servizo de comedor que contén cun número de unidades de 1 a 3 percibirán 21.500 euros por cada unha destas unidades; de 4 a 6, 20.500; e con 7 ou máis, 19.500. Os centros sen servizo de comedor contarán con 16.000 euros por cada unidade en funcionamento.

Para obter as axudas, serán de obrigado cumprimento para as entidades solicitantes o proxecto educativo da escola infantil establecido segundo a estrutura que figura na orde de subvencións, así como os obxectivos específicos establecidos para a educación infantil 0-3 no Plan xeral de normalización da lingua galega. As escolas deberán comprometerse tamén a adaptar os seus prezos ás contías máximas previstas na orde, a seleccionar as solicitudes de adxudicación de acordo co baremo de puntuación fixado e a prestar os seus servizos un mínimo de cinco días á semana durante todo o ano, agás os días sinalados como festivos no calendario laboral.

As entidades que queiran acollerse a estas axudas terán un prazo para a presentación das súas solicitudes dun mes, contado a partir do día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A NOVA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- *Mediante esta modificación, incorpóranse os acordos laborais que, ao longo desta lexislatura, se negociaron cos representantes sindicais para normalizar as relacións co persoal dependente deste departamento, en concreto co colectivo de veterinarios e cos traballadores do Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais*

O Consello da Xunta aprobou a modificación da RPT (Relación de Postos de traballo) da Consellería do Medio Rural, de xeito que se incorporan os acordos asinados cos representantes sindicais para a mellora das condicións laborais de varios colectivos dependentes deste departamento, como é o caso dos veterinarios e do persoal do Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais. Neste último caso, a Consellería negociou durante esta lexislatura distintas regulacións laborais que beneficiaron o persoal funcionario pertencente aos grupos A1 e A2 e o persoal laboral das seguintes categorías: encargados de equipamentos mecánicos, oficiais 1ª condutores e oficiais 1ª mecánicos. Ambos acordos foron subscritos en abril do ano 2008 entre a administración autonómica e as organizacións sindicais. En canto ao persoal fixo- discontinuo deste servizo tamén se incorpora unha modificación respecto do período de traballo, tal e como se dispuña no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta.

Así mesmo, con data 31 de outubro de 2008, asinouse outro acordo para a ordenación da prestación de servizos veterinarios oficiais no ámbito da Xunta de Galicia, que tamén se incorpora nesta modificación da RPT.

Así pois, a nova RPT concreta os acordos negociados cos representantes sindicais, e é o froito da política de persoal aplicada por Medio Rural durante a lexislatura, que tivo como obxectivo normalizar as relacións laborais con distintos colectivos que demandaban melloras nas condicións de traballo. Así mesmo, as condicións de prestación de servizo acordadas proporcionarán un servizo público máis eficaz, especialmente en áreas sensibles –prevención de incendios e alerta sanitaria- que exigen unha atención continuada e unha resposta áxil.



O CONSELLO DA XUNTA APROBA A AMPLIACIÓN DOS ORZAMENTOS DO IGAPE EN 100 MILLÓNS DE EUROS PARA PROPORCIONAR UNHA NOVA LIÑA DE FINANCIAMENTO DESTINADA A FINANCIAR AS NECESIDADES DAS PEMES GALEGAS

- *Esta liña supón unha fonte adicional de financiamento para paliar as actuais restricións de crédito derivadas da crise financeira*
- *Está destinada a dar resposta ás dificultades de financiamento que actualmente teñen empresas que son técnica e economicamente viables*
- *A nova liña de préstamos do Igape complementa as xa existentes ata o de agora en colaboración co Banco Europeo de Investimentos (BEI), co Instituto de Crédito Oficial (ICO) ou coas entidades financeiras*
- *O Igape reforzou a capacidade das sociedades de garantía recíproca para avalar as empresas galegas cunha liña de reavais por importe de ata 50 millóns de euros*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou na súa reunión desta mañá, a modificación dos orzamentos de capital do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) - dependente da Consellería de Economía e Facenda- mediante un incremento de 100 millóns de euros. Este incremento serve para proporcionar unha nova liña de financiamento a través de préstamos do Igape destinados a financiar as pequenas e medianas empresas e que serán financiados con recursos captados do mercado polo instituto. Esta nova vía de financiamento está destinada á concesión de préstamos co fin de facilitar a continuidade da actividade produtiva e o mantemento do emprego das pemes galegas.

A nova liña de préstamos do Igape complementa as xa existentes ata o de agora en colaboración co Banco Europeo de Investimentos (BEI), co Instituto de Crédito Oficial (ICO) ou coas entidades financeiras. A nova liña ten unha dotación de ata 100 millóns de euros, e supón unha fonte adicional de financiamento para paliar as actuais restricións de crédito derivadas da crise financeira internacional. Así, está destinada a dar resposta e paliar os problemas financeiros que actualmente teñen empresas que son técnica e economicamente viables pero que, nunha situación de crise internacional e de restrición de crédito coma a actual, atopan dificultades de financiamento.

En relación co mesmo obxectivo de habilitar novas liñas de financiamento para atender as necesidades de circulante das empresas galegas, o conselleiro de Economía e Facenda presentou ante do Consello da Xunta un informe en que deu conta do establecemento dun programa de reavais do Igape destinados ás sociedades de garantía recíproca (SGR) galegas para o reforzo da actividade destas sociedades. Esta liña de reavais por importe de ata 50 millóns de euros terá un efecto multiplicador nos préstamos ás pequenas e medianas empresas de 6 o que quere dicir



que presenta unha capacidade de 300 millóns de euros de ampliación de préstamos ás pequenas e medianas empresas.



A XUNTA DESTINA DOUS MILLÓNS DE EUROS Á CONSTRUCIÓN DUN CENTRO CULTURAL NAS ANTIGAS NAVES DA FÁBRICA CROSS EN CULLEREDO

- *A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes financia con dous millóns de euros a construción do centro, mentres que o Concello de Culleredo achegará o proxecto técnico, encargarse de contratar e dirixir as obras, así como da súa xestión unha vez estea rematado*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e o Concello de Culleredo para a construción dun centro cultural nas antigas naves da fábrica Cross.

Segundo este acordo, a CPTOPT financia con dous millóns de euros a construción do devandito centro, mentres que o Concello de Culleredo achegará o proxecto técnico, encargarse de contratar e dirixir as obras, así como da xestión do centro unha vez que estea rematado.

O acordo enmárcase dentro dos obxectivos da Consellería de Política Territorial de contribuír á mellora e reordenación de espazos urbanos, de xeito que os cidadáns dispoñan de espazos públicos axeitados ás súas necesidades e de calidade.

Neste caso, as antigas naves da fábrica Cross forman parte da imaxe de Culleredo, polo que a súa recuperación é un símbolo de como a riqueza do pasado pode ser aproveitada no futuro para o seu uso público.

A área da Cross sitúase a carón da ría do Burgo, xunto ao novo paseo marítimo. Trátase dunha zona que foi obxecto de urbanización agás a parcela ocupada polos tres edificios da antiga fábrica de torrado de piritas para a produción de ácido sulfúrico. Os edificios, de planta rectangular e cunha estrutura de formigón armado, presentan un indubidable valor urbanístico e arquitectónico, xa que representan un exemplo da arquitectura industrial da época. Estas características, xunto coas súas dimensións (uns 2.730 m² por planta), fano apropiado para acoller un equipamento cultural que está chamado a ser un espazo de atracción e animación urbana non só para Culleredo, senón tamén para toda a área metropolitana da Coruña.

Os traballos para incorporar estas naves ao patrimonio arquitectónico moderno de Galicia e conferirlle un uso público para toda a cidadanía centraranse, en primeiro lugar, en proceder á descontaminación do solo e consolidar as estruturas dos edificios. Posteriormente, construírse o teatro-auditorio e a biblioteca. O custo total estimado da recuperación da antiga fábrica Cross ascende a 11,7 millóns de euros.



A XUNTA CONVOCA A ORDE DE AXUDAS, POR VALOR DE 1.125.000 EUROS, DESTINADAS ÁS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS PARA 2009

- *As subvencións están dirixidas a articular medidas de apoio ás organizacións profesionais agrarias, para fortalecer a súa implantación e consolidación*
- *Segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta, estas entidades poderán solicitar un anticipo dun 70% da achega económica outorgada*

A Xunta, a través da Consellería do Medio Rural, aprobou hoxe en Consello unha nova convocatoria de axudas destinadas ás organizacións profesionais agrarias para a realización de actividades de representación e de formación dos asociados e dos agricultores galegos en xeral. A Consellería do Medio Rural estableceu esta orde de subvencións dirixidas a articular medidas de apoio ás organizacións profesionais agrarias, dotada con 1.125.000 euros, para fortalecer a súa implantación e consolidación. Segundo autorizou hoxe o Consello da Xunta, estas entidades poderán solicitar un anticipo dun 70% da achega económica outorgada.

A Xunta considera que as organizacións profesionais agrarias representan un importante papel na vertebración social e profesional do sector primario. A súa contribución para artellar mecanismos eficaces de participación directa do sector agrario coa Administración asegura a presenza dos intereses dos produtores agrarios nos procesos de avaliación e decisión das políticas agrarias. Ademais, realizan un constante traballo a prol dunha garantía de rendas dignas para os agricultores e da mellora da calidade de vida no medio rural. Estas accións contribuíron ao recoñecemento por parte dos poderes públicos da súa lexítima representatividade como interlocutores sociais no eido agrario e mesmo tamén pola sociedade civil como entidades representativas dos labregos e labregas.

Son obxecto desta subvención os custos derivados de actividades que desenvolverán durante 2009, por parte das organizacións profesionais agrarias con implantación en Galicia, tales como funcións e actuacións que lles son propias conforme a normativa legal, funcións ordinarias de xestión interna das organizacións profesionais agrarias, representación perante as institucións, actividades de formación dos asociados e dos seus familiares e iniciativas de impulso do asociacionismo agrario.

De acordo co previsto no artigo 5.3º, do Estatuto de autonomía de Galicia, nas actividades subvencionables pola Consellería do Medio Rural empregárase de xeito preferente a lingua galega, tanto a nivel oral como na documentación escrita que se xere.



XUNTA E CONCELLO DO GROVE COLABORARÁN NA AMPLIACIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA PESCA E DA SALGA

- *O Goberno galego investirá 385.000 euros para as melloras do edificio situado en Punta Moreiras*
- *Con esta instalación búscase conservar o patrimonio mariñeiro desta localidade do litoral*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e o Concello do Grove (Pontevedra) para a ampliación do Centro de Interpretación da Pesca e da Salga de Punta Moreiras. En concreto, este convenio ten por obxectivo regular a cooperación entre as partes asinantes para o desenvolvemento de actuacións dirixidas a ampliar o local existente, mediante o acondicionamento dunha nave do edificio da antiga salga de Punta Moreiras, co obxectivo de poder incrementar as actividades que acollerá este centro.

Para a realización destas tarefas, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos achegará un investimento total de 385.000 euros, en dúas anualidades 2009 e 2010. Este convenio de colaboración estará vixente ata decembro de 2010, data na que deberán estar finalizadas as obras de mellora que se prevé desenvolver nestas instalacións.

O obxectivo do Centro de Interpretación da Pesca e da Salga de Punta Moreiras do Grove é conservar o patrimonio mariñeiro desta localidade do litoral, algo que encaixa á perfección coa política que vén desenvolvendo a Administración pesqueira galega durante esta lexislatura. Unha política dirixida a promover e apoiar as iniciativas encamiñadas á divulgación do mundo da pesca, o mar e as actividades marítimo-pesqueiras, que leva a cabo a través dos seus propios recursos, tanto directamente como en colaboración con terceiros, ben sexa con medios propios coma alleos.

Nesta liña, o programa de actuacións da Consellería de Pesca busca potenciar e dotar de pequenos centros de divulgación os portos do litoral con tradición pesqueira, que cumpran a función de difusión da realidade do mundo do mar e que promovan o recoñecemento social do pescador, favorezan as prácticas de pesca responsable e fomenten o consumo dos produtos pesqueiros de calidade da frota artesanal. Nesta dirección enmárcanse algunhas das iniciativas apoiadas economicamente pola Consellería de Pesca como é o caso da fábrica de conservas Goday da Illa de Arousa, que albergará un centro de interpretación da conservas e cuxas obras de acondicionamento foron inauguradas pola conselleira de Pesca o pasado mes de xaneiro.



Segundo establece o convenio de colaboración que asinarán a conselleira de Pesca e o alcalde do Grove, as obrigas do concello desta vila serán poñer á disposición da consellería os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras as que se refiren as actuacións descritas neste documento. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que xeren, entre os que non haberá liquidación ningunha de tributo municipal á que puidera dar lugar a execución da obras ao ser o concello o seu titular.

Ademais, o goberno local asumirá, unha vez realizadas as obras e logo da comunicación da Consellería de Pesca, a súa explotación e conservación. Tamén, como trámite previo á aprobación das obras, achegará a oportuna certificación xustificativa da dispoñibilidade dos terreos.

Pola súa parte, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ademais de financiar a execución dos traballos de ampliación e acondicionamento, deberá levar a cabo as actuacións consistentes na contratación, dirección, xestión e recepción das obras descritas nos proxectos e formalizar os actos de recepción.

Así mesmo, unha vez producido o acto formal de recepción das obras pola Administración pesqueira galega, esta poñerá en coñecemento do concello entendéndose que tal comunicación determina o nacemento da obriga do goberno local referente á explotación e conservación destas instalacións.

Para o correcto desenvolvemento e o seguimento das accións que establece este convenio de colaboración, crearase unha comisión de seguimento que estará integrada por catro membros, dous por cada unha das partes asinantes.



O GOBERNO GALEGO APROBA A PRIMEIRA ORDE DE AXUDAS PARA PALIAR A CRISE EN 5 SECTORES ESTRATÉXICOS DE GALICIA

- *As axudas estarán orientadas a empresas do téxtil, da alimentación, da madeira, da construción e do metal, especialmente a automoción*
- *O orzamento inicial para a realización de accións formativas ascende a 25 millóns de euros e beneficiará a 15.000 traballadores*
- *O obxectivo é que as empresas optimicen os períodos de menor carga de traballo para formar aos seus empregados, á vez que se lles axuda a soportar os custos laborais*
- *O conselleiro de Traballo asinou a semana pasada o compromiso para a dinamización dos plans de formación sectorial con representantes da CEG e dos sindicatos UGT e CCOO*

A Xunta de Galicia aprobou a primeira orde de axudas para paliar a crise en 5 sectores estratéxicos da comunidade galega. O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión desta mañá, aprobou a orde pola que se procede á convocatoria destas subvencións.

Esta orde é froito dun acordo entre as organizacións empresariais e sindicais asinantes do Diálogo Social en Galicia para impulsar de maneira conxunta a realización de plans extraordinarios de formación en 5 sectores de actividade estratéxicos. O investimento inicial para a convocatoria destas actividades formativas, que beneficiarán a uns 15.000 traballadores en toda a Comunidade Autónoma, será de 25 millóns de euros.

As axudas estarán especialmente dirixidas a empresas do téxtil, da alimentación, da madeira, da construción e do metal, preferentemente a automoción. En concreto, os incentivos recollidos nesta primeira orde (que se publicará no DOG nos vindeiros días deste mes) estarán destinados a compensar os custos de execución das accións formativas que van desenvolver as empresas.

O conselleiro de Traballo, Ricardo Varela, o presidente da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), Antonio Fontenla, e os secretarios xerais de UGT-Galicia e CC.OO de Galicia, José Antonio Gómez e Xan María Castro, asinaron o pasado venres o documento en que se recolle o compromiso para a dinamización destes plans de formación sectorial nas empresas para traballadores ocupados en sectores estratéxicos de Galicia. A Xunta e as organizacións que rubricaron o *Novo Modelo de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo emprego* consideran prioritario a posta en marcha deste tipo de actuacións urxentes dirixidas ao reciclaxe e recualificación dos empregados nos sectores estratéxicos.



Esta medida ten por finalidade que as empresas optimicen os períodos de menor carga de traballo para formar os seus empregados, á vez que se lles axuda a soportar os custos laborais. Esta actuación terá o mesmo obxectivo que a desenvolvida o pasado mes de decembro e unicamente subscrita ao sector da automoción: evitar que os traballadores se vexan afectados por expedientes de regulación de emprego de suspensión, de tal forma que as empresas aproveiten os períodos de inactividade para darlles formación.

Coa sinatura deste compromiso póñense enriba da mesa toda a capacidade da Administración e a vontade de empresarios e sindicatos para que o impacto da actual crise económica sexa o menor posible sobre mercado laboral, os traballadores e o tecido produtivo de Galicia.

Requisitos para as axudas

Un dos requisitos básicos para recibir estas axudas é que as empresas beneficiarias non presenten ERE (expedientes de regulación de emprego). Tamén se terá en conta de maneira especial que as accións formativas deseñadas vaian dirixidas á reciclaxe de traballadores nos sectores estratéxicos e que no contido técnico das accións formativas se incorporen módulos relacionados coas tecnoloxías da información e a comunicación, a sensibilidade ambiental ou a formación en materia de saúde laboral.

Ademais, as axudas van destinadas aos traballadores ocupados das empresas beneficiarias. Entre os traballadores que terán prioridade para participar como alumnos nestas accións formativas están os maiores de 45 anos pertencentes a sectores que introduzan novas tecnoloxías, que proveñan de zonas ou sectores en procesos de reconversión ou cuxa formación sexa inferior ao bacharelato. Outro dos colectivos preferentes será o dos traballadores con dificultades de acceso á formación, como os empregados de microempresas e os das zonas afastadas da oferta formativa.

Tamén se lle dará prioridade ao persoal das Pemes (pequenas e medianas empresas), ou a aqueles traballadores en activo nos cales conorra algunha das seguintes circunstancias: que sexan mozos cun primeiro contrato de 6 ou menos meses de duración; que teñan algún tipo de discapacidade; que sexan desempregados de longa duración (durante os 6 primeiros meses da súa contratación); ou ás mulleres, entre outros.



O GOBERNO GALEGO INVISTE 376.246 EUROS NA MELLORA DA PRAZA DO CAMPO DA FEIRA NO CONCELLO DE MEAÑO

- *Os traballos consistirán na reorganización dos usos e accesos á praza, dotación de novo mobiliario urbano, iluminación e construción dun palco de maiores dimensións*

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Solo, aprobou un investimento de 376.246 euros para a reurbanización e acondicionamento da praza do Campo da Feira, no Concello de Meaño. Esta actuación materializarase tras a sinatura dun convenio de colaboración co Concello de Meaño por un importe total de 470.307 euros dos que este departamento autonómico achega o 80% e o resto a institución municipal.

En concreto, os traballos consistirán en reorganizar os usos dos espazos públicos desta praza tendo en conta as actividades que alí se desenvolven nos diferentes momentos do día, nas festividades e cando se programan espectáculos puntuais. Tamén se mellorarán os accesos á praza e se dotará de novo mobiliario urbano e iluminación pública. Por último, prevese da construción dun novo palco de maiores dimensións que albergue un maior número de espectadores.

A Consellería de Vivenda e Solo ten como unha liña prioritaria de traballo a rehabilitación, recuperación e mellora dos centros históricos, non só das vivendas senón tamén dos espazos públicos, prazas e rúas incluídas nestes ámbitos. O obxectivo é a recuperación do patrimonio arquitectónico construído, pero tamén a revitalización e reactivación socioeconómica dos centros históricos para desfrute e mellora da calidade de vida dos seus veciños e veciñas e dos cidadáns en xeral.



O GRAO DE EXECUCIÓN DO PLAN DIRECTOR DE INFRAESTRUTURAS SANITARIAS 2008-2013 SUPERARÁ ESTE ANO O 46,8% COA LICITACIÓN DOS HOSPITAIS DE VIGO E PONTEVEDRA

- *Así se explica nun informe presentado ao Consello da Xunta sobre o grao de desenvolvemento deste plan, que pretende adecuar os centros sanitarios ás necesidades de poboación e profesionais, e impulsar o novo modelo asistencial*
- *Das máis de cen actuacións que ten previstas o Plan Director tanto en Atención Primaria como Especializada, un total de 23 realizáronse no ano 2008 en diferentes hospitais e centros de saúde*
- *En 2008 investíronse un total de 196 millóns de euros no marco do Plan, aos que haberá que sumar neste ano os 420 millóns de euros polos que se licitarán as obras dos hospitais de Pontevedra e Vigo*
- *O Plan Director inclúe a construción de dous novos hospitais, en Lugo e Vigo, grandes reformas no novo Hospital Único de Pontevedra, e ampliacións nos complexos hospitalarios da Coruña, Santiago, Ourense e Ferrol*
- *Tamén se acometerán reformas nos hospitais da Barbanza, Cee, Burela, Monforte, O Barco de Valdeorras e O Salnés*
- *No tocante á Atención Primaria construíranse 66 centros de saúde e realizaranse grandes reformas ou ampliacións noutros 22 de todas as xerencias galegas*

O Plan Director de Infraestruturas Sanitarias para Galicia 2008-2013 superará este ano o grao de execución do 46,8 por cento ao licitarse, nos vindeiros meses, as obras do Hospital Único de Pontevedra e do novo Hospital de Vigo. Actualmente, xa está executado ou licitado máis do 15 por cento, segundo o informe da Consellería de Sanidade coñecido hoxe polo Consello da Xunta.

O Plan Director responde ao obxectivo xeral de renovar as dependencias físicas adecuando os centros ás necesidades tanto da poboación como dos profesionais, impulsando así o novo modelo asistencial de Galicia. A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde apostan por un sistema sanitario público con espazos funcionais e ben dimensionados que permitan o desenvolvemento dunha asistencia de calidade e uns estándares de benestar axeitados.

Actuacións realizadas

En total, iniciáronse 23 actuacións, das que 11 corresponden ao inicio de novos centros de saúde (un 16,7 por cento dos 66 previstos en todo o Plan), oito (de 22 previstas) a reformas e ampliacións no ámbito de Primaria (o que representa un 36,4 por cento do total), e outras catro en centros hospitalarios. As actuacións previstas para toda a vixencia do Plan Director, isto é, ata 2013, é de 108 actuacións, é dicir, que xa está iniciado o 21,3 por cento das actuacións previstas.



Entre as actuacións planificadas ata 2013, o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias inclúe a construción de dous novos hospitais, o Hospital de Lugo e o Hospital de Vigo. Entre as grandes reformas figuran a do Novo Hospital Único de Pontevedra, así como as ampliacións doutros centros como o Complexo Hospitalario Universitario A Coruña, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, o Complexo Hospitalario de Ourense, e o Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Nova Santos, ao que se incorpora o Hospital Básico da Defensa, en Ferrol. Acometeranse reformas no Hospital da Barbanza, no Hospital Virxe da Xunqueira de Cee, no Hospital da Costa de Burela, no Hospital de Monforte, no Hospital do Barco de Valdeorras ou no Hospital do Salnés.

No tocante á Atención Primaria construíranse 66 centros de saúde e realizaranse grandes reformas ou ampliacións noutros 22 centros de saúde de todas as xerencias galegas.

Investimentos executados ou comprometidos

En concreto, este ano 2008 investíronse un total de 196 millóns de euros (xa executados no ano 2008 ou licitados para vindeiros exercicios), dos que 171 millóns están destinados a hospitais galegos e outros 25 para centros de Atención Primaria. Neste ano licítaranse as obras do Hospital Único de Pontevedra, por importe de 120 millóns de euros, e do novo Hospital de Vigo, por importe de 300 millóns de euros, polo que o grao de obra executada ou licitada ascenderá xa ao 46,8 por cento.

O investimento global previsto neste Plan Director de Infraestruturas Sanitarias ascende a un total de 1.316 millóns de euros, dos que 90 millóns de euros están destinados a Atención Primaria, e outros 1.226 para Atención Especializada (898 para obras en hospitais, 238 para equipamento, e 90 para centros de alta resolución).

	INVESTIMENTO		
	EXECUTADO/LICITADO	PLANIFICADO	% REALIZADO
ATENCIÓN PRIMARIA	25	90	27,8
ATENCIÓN ESPECIALIZADA	171	1226	13,9
TOTAL	196	1316	14,9

Precisamente o Consello da Xunta de hoxe aprobou a urxente ocupación dos terreos para a ampliación do Complexo Hospitalario de Pontevedra e do novo Hospital de Vigo, que suporá que a cantidade licitada acade os 616 millóns de euros, o que corresponde ao 46,8 por cento do importe total do Plan Director de Infraestruturas Sanitarias.